

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DÍA 26 DE XANEIRO DE 2015. NÚM. 1/2015.-

Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE:

D. XOSÉ CRESPO IGLESIAS (P.P.)

CONCELLEIROS:


D^a. MARÍA JOSÉ BATÁN MOURIÑO (P.P.).
D. MANUEL GÓMEZ ESTÉVEZ (P.P.).
D^a. M^a. PILAR LÓPEZ CARRÓN (P.P.).
D. CAMILO GONZÁLEZ BODANO (P.P.).
D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ (P.P.).
D. JOSÉ ANTONIO VARELA QUINTELA (P.P.).
D. ANTONIO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ (P.P.).
D^a. MARÍA EVA GONZÁLEZ BREA (P.P.).
D^a. MARÍA PAZ PÉREZ ASOREY (P.P.).
D^a. SARA FERNÁNDEZ ARCA (P.P.).
D^a. MARÍA ALVAREZ PAZ (P.P.).
D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ (P.P.).
D. MANUEL MARÍA GONZÁLEZ ALLER (PsdeG-PSOE).
D. JOSÉ ARMANDO CRISTÓBAL FERNÁNDEZ VÁZQUEZ (PSdeG-PSOE).
D^a. JOSEFA MARINA FERREIRO RODRÍGUEZ (PSdeG-PSOE).
D. FRANCISO PÉREZ DONSIÓN (PSdeG-PSOE).
D. JOSÉ LUÍS SUCASAS FERNÁNDEZ (BNG).
D. CAMILO CONDE LÓPEZ (PGD).

SECRETARIO XERAL: D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

INTERVENTORA XERAL: D^a. MARTA OVIEDO CREO.

Non asisten:


D. ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ (P.P.).
D. XESÚS CORDEIRO BUDIÑO (BNG).



INDICE:

1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior Nº 14/2014 de 29 de decembro	páx. 3
2.- Decretos da Alcaldía: Dación de conta.....	páx. 3
3.- Expediente do Regulamento do Parque Infantil de Tráfico do Concello de Lalín.....	páx. 7
4.- Expediente de modificación de créditos Nº 1-P/2015. Crédito extraordinario e suplemento de crédito.....	páx. 9
5.- Expediente de Recoñecemento extraxudicial de créditos Nº 1/2015.....	páx. 14
6.- Mocións do PSdeG-PSOE:	
6.1.- Moción do PSdeG-PSOE solicitando a comparecencia do Sr. Alcalde e do Concelleiro delegado de Urbanismo en relación a cuestións de índole urbanística	páx.15
6.2.- Moción do PSdeG-PSOE en relación ao edificio de Medio Rural en Lalín.....	páx. 17
7.- Moción do PGD:	
7.1.- Moción do PGD relativa ao apoio ás familias en situación de precariedade e con recursos escasos.....	páx. 19
8.- Expediente de cesión do uso de espazos no Castro Tecnolóxico para a creación do Centro Virtual da Cultural Castrexa. Convenio de colaboración coa Excma. Deputación Provincial de Pontevedra. Trámitación urxente.....	páx. 20
9.- Rogos e preguntas.....	páx. 22

=====



Secretaría Xeral

Sendo as dez horas do **luns día 26 de xaneiro de 2015**, xuntáronse no salón de actos do Concello de Lalín (Pontevedra), baixo a Presidencia do *Sr. Alcalde-Presidente, D. Xosé Crespo Iglesias*, os señores concelleiros que enriba se indican co gallo de celebraren a sesión ordinaria convocada para este día e hora.

A todos os asistentes entregóuselles a orde do día, o expediente púxose á súa disposición e cumpríronse tódalas determinacións previstas na normativa vixente.

Actúa como Secretario Xeral *D. César López Arribas* e como Interventora Xeral *D^a. Marta Oviedo Creo*.

Non asisten *D. Román Rodríguez González (PP)* nin *D. Xesús Cordeiro Budiño (BNG)*.

De orde do Sr. Presidente, e seguindo as súas instrucións, entrouse no estudo e deliberación dos asuntos que conforman a orde do día co seguinte resultado:

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-

Deuse conta pola Presidencia do borrador da acta nº 14/2014 da sesión ordinaria celebrada o día 29 de decembro de 2014. De seguido, o Sr. Presidente preguntoulles aos asistentes se tiñan algunha observación que faceren á mesma.

Non habéndoas, por **UNANIMIDADE** dos asistentes acordouse aprobar a dita acta nº 14/2014 correspondente á sesión ordinaria do día 26 de decembro de 2014, ordenándose a súa transcripción ó Libro de Actas.

2.- DECRETOS DA ALCALDÍA: DACIÓN DE CONTA.-


Dáse conta das seguintes resolucións ditadas pola Alcaldía desde a última relación comunicada a este órgano.

O Concello Pleno quedou enterado.

3.- EXPEDIENTE DO REGULAMENTO DO PARQUE INFANTIL DE TRÁFICO DO CONCELLO DE LALÍN.-

A Presidencia deu conta deste expediente e da proposta da Alcaldía de data 16 de xaneiro de 2015. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura do ditame favorable da Comisión Informativa de Relacións Institucionais, Seguridade e Saúde Pública do día 22 de xaneiro de 2015.

O Sr. Alcalde ***D. José Crespo Iglesias***, explicou o expediente. Indicou que sería o primeiro parque desta clase en España. A idea arrancou no ano 2011. Cando ía entrar en vigor Educación Vial mandou introducir uns cambios e houbo que pospoñelo.



Secretaría Xeral

En liñas xerais recollía esta idea: a instalación dun parque de tráfico integral. O Concello aportaría o mantemento integral do mesmo. Houbo varios requirimentos para introducir cambios no mesmo e reunir as condicións de seguridade, e así ser homologado pola DGT. O ano pasado pasou os trámites correspondentes e por iso viña agora a aprobación do regulamento.

Polo PSdeG-PSOE, **D. Manuel M^a González Aller** indicou que ao parecer os trámites deste expediente foron lentos, tras catro anos da súa aprobación. O goberno municipal tiña a obriga de asumir eses cambios e de introducilos, axilizando o tema.

En canto á obriga do Concello de correr co mantemento e coa conservación preguntou: *¿Cantos eran os gastos do mesmo? ¿Estaban ou no programados?*

Respondeu **D. Xosé Crespo Iglesias**, indicando que este servizo se prestaría pola Policía Local e por Protección Civil. Había un policía local que foi monitor de autoescola, estaba preparado e sería quen levase a voz cantante neste tema.

Polo BNG **D. José Luís Sucasas Fernández** indicou que apoiaba a proposta.

Polo PGD **D. Camilo Conde López** tamén sinalou que estaba de acordo.

Rematou o debate o **Sr. Secretario**, indicando que este regulamento aprobouse inicialmente no ano 2011. Non houbo alegacións na fase de exposición ao público. Cando ía publicarse, a DGT mandou introducir uns cambios en materia de seguridade, en concreto quitar uns bloques de granito e substituír outros por madeira e plásticos. Logo houbo un cambio de normativa e finalmente hai unhas dúas semanas remitiu a DGT o novo texto.

Sometido a votación ordinaria o expediente, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: dezasete (17), sendo (13) do PP, tres (3) do PSdeG-PSOE e un (1) do PGD.


Votos en contra: ningún.

Abstencións: dúas (2), sendo unha (1) do BNG e unha (1) do PSdeG-PSOE (D. Francisco Pérez Donsión).

Xa que logo, **APROBOUSE** o expediente e a proposta da Alcaldía de data 16 de xaneiro de 2015, do seguinte tenor:

O Concello de Lalín para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

Conscientes da importancia da educación vial e do labor complementario que se pode realizar para mellorar a educación viaria construíuse o Parque de Educación Vial sito na rúa Areal, nas proximidades do lago Pontiñas, considerando que este Parque Infantil de Tráfico constitúe un elemento pedagóxico complementario da educación vial escolar que se desenvolve nos centros



Secretaría Xeral

escolares como instrumento que permite impartir unha ensinanza teórico-práctica sobre a materia.

Resultando preciso o seu regulamento conforme á normativa contida na Orde do Ministerio do Interior, do 31 de xaneiro de 1989, pola que se regula a creación, funcionamento e regulamentación dos Parques Infantís de Tráfico e as Resolucións da Dirección Xeral de Tráfico do 15 de setembro de 1992 e do 28 de outubro de 1994, **o Pleno da corporación ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o **REGULAMENTO DO PARQUE INFANTIL DE TRÁFICO DO CONCELLO DE LALIN**, que consta de dezanove artigos.

SEGUNDO.- Expoñer ao público o expediente, conforme determina o artigo 49 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, polo prazo dun mes, a efectos de que durante o mesmo poida ser examinado e presentar, no seu caso, as alegacións ou reclamacións e suxerencias ao mesmo.

TERCEIRO.- No suposto que non se presentasen alegacións ou reclamacións ao mesmo, entenderase aprobado o expediente definitivamente, sen necesidade de adoptar novo acordo, e realizaranse os trámites necesarios para a súa entrada en vigor.

4.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 1-P/2015. CRÉDITO EXTRAORDINARIO E SUPLEMENTO DE CRÉDITO.-


A Presidencia deu conta deste expediente e da proposta da Alcaldía de data 22 de xaneiro de 2015. A continuación o Sr. Secretario deu lectura do ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio do día 22 de xaneiro de 2015.

Polo grupo de goberno **D. Manuel Gómez Estévez**, Concelleiro delegado de Facenda, explicou o expediente. Había tres alteracións dos créditos do orzamento no expediente: un deles da rede natura; outro da ruta de sendeirismo en Zobra; e outro en infraestruturas medioambientais; en total uns vinte mil euros. Agora había un cambio de normativa e do procedemento a tramitar.

Polo PSdeG-PSOE, **D. Manuel Mª González Aller** tiña dúbidas sobre algún dos programas incluídos. En concreto sobre os hábitats do ano 2014. Non sabía se había plan ou non.

De novo e por alusións, **D. Manuel Gómez Estévez** precisou que da subvención da rede natura do ano pasado se certificou todo. Agora o importe concedido non daba para nada. De todos os xeitos abrírase un prazo para recoller as solicitudes dos interesados.

Tamén o Sr. Alcalde, **D. Xosé Crespo Iglesias**, defendeu a proposta, en base aos informes técnicos de cada expediente para facer a solicitude de cada asunto. Lembrou que outros anos contempláronse no orzamentos uns importes e logo non se gastaron. Tamén indicou que o Concello sufragaría unha parte. Así nos centros de saúde e educación, como parte do chamado Pacto Local, a Xunta de Galicia pagaba os gastos de calefacción. Os servizos sociais eran competencias impropias e correspondería ao goberno autonómico dar estes servizos,



Secretaría Xeral

o mesmo que na infravivenda, e todo elo non porque o dixera el, senón porque así estaba na Lei 37/2013, de racionalización e modernización das administracións públicas.

De novo **D. Manuel María González Aller** indicou que o Concello dedicaba aos servizos sociais moitos menos cartos que a Xunta de Galicia, pero nos orzamentos deste ano constaban oito mil euros a dependentes.

Ao Concello dixo **D. Xosé Crespo Iglesias** por lei lle correspondía cero euros.

Seguindo no uso da palabra, **D. Manuel María González Aller** indicou que no tema de Zobra das rutas de sendeirismo estaban de acordo, pedindo mesmo que houbera ou se fomentara a creación de máis rutas como esta.

Tamén pouco estaba especificado se era a primeira vez ou non. En canto ao centro de enfermos de Alzheimer estaba a favor, se ben tampouco entendía por qué non se impulsaban outras iniciativas a favor doutros enfermos que tamén había.

Non obstante indicou que votaría a favor.

Polo BNG **D. José Luís Sucasas Fernández** adiantou o seu voto favorable.

Desde o PGD **D. Camilo Conde López** sinalou que valoraba que algúns destes proxectos supuñan unha mellor cuantitativa importante para algúns servizos. Doutra tamén había unha promoción do turismo. Era favorable a que en materia de infravivenda se incorporasen competencias aos entes administrativos que eran os titulares das mesmas. Tamén estaba de acordo coa iniciativa para enfermos de Alzheimer, se ben coidaba que había enfermos máis graves e outras problemáticas que debían tamén levar un programa.

Por alusións **D. Xosé Crespo Iglesias** indicou que en materia de dependencia os fondos propios e doutras administracións aportados foron corenta mil euros.


Tamén ao sentirse aludido **D. Manuel María González Aller** indicou que a pesar das cifras que daba o goberno municipal, no ano 2013 non se gastou todo previsto nos orzamentos.

Interveu a **Sr^a. Interventora** para dicir que en materia de dependencia o Concello pagaba por horas, en concreto 10,45 € cando o mínimo era pagar 9,70 € /hora, máis baixa que o convenio.

Houbo de seguido un debate sobre este tema entre todos os anteriormente intervintes.

Sometido a votación ordinaria o expediente, mediante o sistema de man alzada, **por UNANIMIDADE dos asistentes, co voto a favor de dezanove (19) concelleiros, sendo trece (13) do PP, catro (4) do PSDEG-PSOE, un (1) do BNG e un (1) do PGD, o Pleno da Corporación APROBOU o expediente e a proposta da Alcaldía de data 22 de xaneiro de 2015, do seguinte tenor:**

Incoado o expediente de Modificación da Base 11 das de Execución do Presuposto e de



6



Secretaría Xeral

Crédito Extraordinario e Suplemento de Crédito número 1-P/2015, a financiar mediante a baixa de crédito doutra partida non comprometida, cunha dotación que se estima reducible sen perturbación do respectivo servizo, e ante a urxente e inaprazable necesidade de realizar os gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte sen mingua dos intereses deste Concello, co obxecto de dotar de crédito para as seguintes finalidades:

En concreto, trátase de dotar de crédito á correspondente aplicación orzamentaria polo importe da achega municipal necesaria para a realización de **actuacións de preservación dos hábitats ou ecosistemas naturais mediante a implantación e mantemento de sebes e preservación de cultivos en rede natura**, investimento para o cal foi concedida pola Consellería de Medio Ambiente unha subvención por importe total de 12.462,80 € (5.604,52 para a anualidade 2014 e 6.858,28 para o 2015) polo que a achega municipal correspondente ó exercicio 2015 se cifra en 1.440,24 € (importe a que ascende o IVE). Esta subvención concédeuse ó abeiro da Orde do 28 de xullo de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a actividades, actuacións ou medidas de concellos incluídos na Rede Natura 2000 e a súa convocatoria para os anos 2014 e 2015 cofinanciada co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER).

Pola súa banda a concellería de Turismo propón a realización dun convenio de colaboración entre o Concello de Lalín e a Comunidade de Montes de Zobra, para a homologación da ruta de sendeirismo de Zobra. Nese convenio o concello comprometeríase a colaborar economicamente para conseguir esa homologación. En concreto, trátase de dotar de crédito para crear unha subvención nominativa no orzamento do exercicio 2015, modificando as bases de execución do citado orzamento para dar entrada a mesma.

Así mesmo, por parte da Concellería de Benestar e Emigración preténdense poñer en marcha o **Programa municipal de Infravivenda e/ou mellora da habitabilidade de vivendas**, co obxectivo de cubrir as necesidades de mellora da habitabilidade de vivenda e a erradicación de infravivendas situadas no Concello de Lalín, ó cal poderán acceder unidades de convivencia que reúnan determinados requisitos relativos á renda, dando prioridade a aquelas vivendas nas que residen menores, persoas maiores, con dependencia, discapacidade, etc., permitindo a estes colectivos residir na súa contorna habitual. Respecto deste proxecto, achégase ó expediente memoria xustificativa da necesidade e conveniencia da súa implantación, para o cal é necesario dotar de crédito a correspondente aplicación orzamentaria por importe de 20.000 €.

Por último, por parte da mesma Concellería de Benestar e Emigración preténdese formalizar un Convenio de Colaboración coa Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer e outras demencias da Provincia de Pontevedra para cofinanciar un programa destinado promovido pola citada asociación para este colectivo no que as súas liñas básicas serían: manter un punto de información e asesoramento no Concello de Lalín no cal un profesional especialista na materia facilite información e asesoramento específico sobre a problemática do Alzheimer; prestar atención ás familias mediante charlas informativas e cursos, así como a atención directa ás persoas con Alzheimer e outras demencias a través de distintos talleres. A posta en marcha deste programa conta cunha previsión de custo de 12.506 €, ó que o Concello de Lalín contribuíría cunha achega de 5.120 €, para o cal non existe dotación orzamentaria, polo que é necesario modificar o Orzamento municipal vixente e contemplar esta subvención nominativa nas Bases de



Secretaría Xeral
Execución, achegándose a este expediente memoria xustificativa da súa implantación.

Á vista da documentación e o expediente que se achega, o **Pleno da Corporación ACORDOU:**

Primeiro.- Aprobar o expediente de modificación de créditos nº 1-P/2015, consistente nun Crédito Extraordinario e Suplemento de Crédito, financiado mediante a baixa de crédito doutra partida non comprometida, cunha dotación que se estima reducible sen perturbación do respectivo servizo, de acordo co seguinte detalle:

1.1.- Aplicacións do Presuposto de Gastos ás que se dota de Suplemento de Crédito:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE €
172.609.18	Protección e Mellora do Ambiente. Preservación de hábitats ou ecosistemas naturais Actuacións en Rede Natura	1.440,24 €
TOTAL ALTAS SUPLEMENTO DE CRÉDITO		1.440,24 €


1.2.- Aplicacións do Presuposto de Gastos ás que se dota de Crédito Extraordinario

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE €
231.489.23	Asistencia Social Primaria. Subvención á Asociación de familiares de enfermos de Alzheimer da Provincia de Pontevedra	5.120,00 €
231.780.04	Asistencia Social Primaria. Programa municipal de Infravivenda 2015.	20.000,00 €
432.470.02	Inf. e Promoción Turística. Subvención Homologación Ruta Senderismo Zobra. Comunidade Montes Zobra	3.424,30 €
TOTAL ALTAS CRÉDITO EXTRAORDINARIO		28.544,30 €

A aprobación do Crédito extraordinario para a concesión de dúas subvencións nominativas, a primeira para a *Asociación de familiares de enfermos de Alzheimer*, e a segunda para a *Comunidade de Montes de Zobra*, o que supón modificar as Bases de Execución do Orzamento 2015 co fin de contemplar estas subvencións nominativas nas mesmas.

2.- Medios ou recursos que van financiar as modificacións de crédito:

A baixa de crédito das seguintes partidas do Presuposto vixente non comprometidas, cunhas dotacións que se estiman reducibles sen perturbación dos respectivos servizos:



APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE €
920.120.00	Administración Xeral. Salario básico funcionarios Grupo A1	14.000,00 €
920.121.01	Administración Xeral. Complemento específico	15.984,54 €
TOTAL BAIXAS		29.984,54 €

Sendo coincidentes os importes da modificación de crédito proposta e os recursos que van a ser utilizados para o seu financiamento consérvase o equilibrio do Presuposto, de conformidade co artigo 16.2 del Real Decreto 500/1990, do 20 de abril.

Así mesmo, considérase necesario **modificar a Base 11 das de Execución do Presuposto para o exercicio 2015**, coa finalidade de corrixir un erro no que se refire aos requisitos esixidos para proceder a xerar crédito no estado de gastos pola obtención de ingresos de natureza non tributaria procedentes do alleamento de bens propiedade do Concello. Neste suposto o Real Decreto 500/1990 do 20 de abril, establece que bastará para xerar crédito o recoñecemento do dereito ou a existencia formal do compromiso firme da achega debidamente documentado, cando na actual redacción da Base 11 das de execución do Orzamento municipal dispón que será precisa a efectiva recadación dos dereitos.

En consecuencia, **proponse modificar a Base 11.-1** no seu último parágrafo que quedaría redactado nos seguintes términos:

“Nos supostos a) e b) bastará para xerar crédito o compromiso firme da achega debidamente documentado; nos supostos c) e d) será precisa a efectiva recadación dos dereitos e no caso e) a efectividade do cobro do reintegro.”

Segundo.- Que este expediente de modificación das Bases de Execución do Presuposto e de modificación de créditos, que se aproba inicialmente, sexa exposto ó público polo prazo de quince días hábiles no departamento de intervención do Concello, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación municipal, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, en cumprimento dos artigos 177.2 en relación co 169.1 do RD Lexislativo 2/2204, de 5 de marzo polo que se establece o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 38.2 en relación co artigo 20.1 do Real Decreto 500/90, do 20 de abril.

Terceiro.- Este expediente de modificación das Bases de Execución do Presuposto e de Modificación de créditos considerárase definitivamente aprobado, de conformidade cos artigos citados no apartado anterior, se durante o citado período non se presentaran reclamacións.

5º.- EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS Nº 1/2015.-



A Presidencia deu conta deste expediente e da Proposta do Sr. Concelleiro Delegado de Facenda de data 21 de xaneiro de 2015. A continuación o Sr. *Secretario* deu lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio do día 22 de xaneiro de 2015.

Polo grupo de goberno, **D. Manuel Gómez Estévez**, concelleiro delegado de facenda, explicou o contido do expediente. Era o tema de sempre: as facturas que se presentaban polas empresas eléctricas fora de tempo. Aínda así faltaban as facturas do mes de decembro do ano pasado. Todo isto viña imposto xa pola lei de morosidade que obrigaba a pagar en trinta días. Por iso viña a Pleno.

Polo PSdeG-PSOE, a **D. Manuel Mª González Aller** non estaba de acordo, e menos co feito de que sempre sucedía o mesmo. A lei era a mesma, pero sempre chegaban as facturas con retraso. Había mesmo unha factura con gastos xudiciais, un despropósito, en suma, a defensa do parking Europa. Aparte do pagado, saíría máis barato facer un parking novo. Votaría non.

Polo PGD, **D. Camilo Conde López** indicou que o que estaba xustifico o estaba e outras partes non parecían tanto.

Sometido a votación ordinaria o expediente, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: (13) do PP.


Votos en contra: catro (4) do PsdeG-PSOE.

Abstencións: dúas (2), sendo unha (1) do BNG e unha (1) do PGD.

Xa que logo **o Pleno da Corporación APROBOU** o expediente e a proposta Sr. Concelleiro Delegado de Facenda de data 21 de xaneiro de 2015, do seguinte tenor:

A fin de poder atender gastos realizados durante o exercicio 2014, o Pleno da Corporación Municipal acorda aprobar o recoñecemento extraxudicial de créditos e aprobación do gasto, con cargo ás correspondentes aplicacións orzamentarias, segundo a relación individualizada das facturas que se detalla no ANEXO I que se une a este expediente, de acordo co artigo 60.2 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril e a Base 15 das Bases de Execución do Presuposto para o exercicio de 2015. Ambos establecen expresamente a competencia do Pleno da corporación para o recoñecemento extraxudicial de créditos, sempre que non existira dotación orzamentaria.

Trátase de facturas correspondentes a gastos realizados durante o ano 2014 que non foi posible aprobar con cargo ó correspondente exercicio, por non ter sido presentadas no seu momento para a súa imputación ó presuposto dos exercicios correspondentes, segundo o seguinte ANEXO I.



Secretaría Xeral

Texto	N.I.F.	Razón social interesado	C.Fun.	C.Eco.	Importe
ENERXIA ELECTRICA ALBERGUE MOURISCADE 5-11/5-12-2014	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	337	22100	265,10 €
ENERXIA ELECTRICA ALBERGUE DE LAXE 6-11/9-12-2014	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	337	22100	245,69 €
ENERXIA ELECTRICA CASA CONSISTORIAL PRAZA GALICIA 4-11/26-11-2014	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	920	22100	4.427,96 €
ENERXIA ELECTRICA PAZO DE LIÑARES 6-11/9-12-2014	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	333	22100	465,46 €
ENERXIA ELECTRICA CENTRO SOCIAL FONTECABALOS 27-10/15-12-2014	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	337	22100	16,34 €
ENERXIA ELECTRICA CENTRO SOCIAL BERMES 24-10/15-12-2014	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	337	22100	51,36 €
HONORARIOS PROC. 235/2014 PORTAS Y ACUÑA INMOBILIA	35965310A	FERNANDEZ PEDREIRA, JOSE LUIS	920	22604	42.688,80 €

48.160,71 €

6. MOCIÓN DO PSDE-deG-PSOE.-**6.1.- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE SOLICITANDO A COMPARECENCIA DO SR. ALCALDE E DO CONCELLEIRO DELEGADO DE URBANISMO EN RELACIÓN A CUESTIÓN DE ÍNDOLE URBANÍSTICA.**

A Presidencia deu conta desta moción de data 19 de xaneiro de 2015 e rexistro de entrada do mesmo día co número 324. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao ditame desfavorable da Comisión Informativa de Acondicionamento e Planificación Territorial do día 22 de xaneiro de 2015.

Dende o PSdeG-PSOE **D. J.A. Cristóbal Fernández Vázquez** expuxo o contido da moción. Salientou que a actuación do goberno municipal desde hai anos deixaba moito que desexar. Aludiu á obra e á actividade recentemente debatida do centro Médico, instalación que levaba máis de dez anos funcionando sen licenza e que ao parecer o Concello descoñecía, cando era un feito público e notorio.

Agora algo parecido sucedía coas instalacións que se denunciaban na moción nas inmediacións



Secretaría Xeral

da praia de Vilatuxe, expedientes nos que un deles non tiña ningún viso de ser unha corte de ovellas ou de gando, pero que o goberno municipal legalizou cunha corrección de erros no ano 2012 nunha sesión da Xunta de Goberno, legalizando algo que era ilegalizable. Así mesmo, nesta obra dunha concelleira, habería supostas conexións eléctricas co alumeadado público municipal. Esperaba que o goberno municipal explicase e tomase as medidas correspondentes, xa que do contrario unicamente quedaría aberta a opción xudicial. Curiosamente na Xunta de Goberno Local estaban tanto o Sr. Alcalde coma o concelleiro delegado de urbanismo, cando ambos non solían estar nos temas *espinosos* como era este.

Por parte do PGD, **D. Camilo Conde López** indicou que lle parecía un tema bastante grave que xustificaba a comparecencia dos dous edís, o Alcalde e o concelleiro delegado de urbanismo. Era un tema que viña así desde hai anos. O Concello podía vixiar estas obras e paralizar as mesmas coas medidas correspondentes. Reiterou que o Concello debía vixiar, saber isto, e tomar as medidas oportunas. Apoiaría as comparecencias solicitadas.


Polo grupo de goberno, o Alcalde, **D. Xosé Crespo Iglesias**, explicou que non era de recibo a moción. Non entendía a moción, se non fose como algo visceral contra algún membro do grupo de goberno.

Por alusións **D. J.A. Cristóbal Fernández Vázquez** indicou que no tema do “Camiño de Sello, si que houbo *visceralidade*”. Agora estaba morta a persoa afectada. No expediente do centro médico houbo desidia; pola contra, no tema de Barcia, a un veciño se lle puxeron multas coercitivas, algo que non se fixo coa práctica totalidade de incumpridores no eido do urbanismo.

De novo o Sr. Alcalde, **D. Xosé Crespo Iglesias** dixo que os veciños aos que aludía o dito edil estaban influenciados por eles, en alusión ao grupo ou partido socialista. Referiuse ás fotos da pista de Midón, onde as obras se comían a mesma coa terra que botou o veciño.

De novo **D. J. A. Cristóbal Fernández Vázquez** fixo resume das multas coercitivas impostas polo Concello en moitos anos, indicando que só se puxeron tres destas multas; dúas delas foron a militantes socialistas, e cando se refería a feitos que xa estaban consumados, que non podían corrixirse. No centro médico, preguntou: *¿cantos expedientes e multas se tramitaron?*

Tomou outra vez a palabra, **D. Xosé Crespo Iglesias**. Indicou que ao abeiro da D.T. undécima da Lei do Solo de Galicia legalizáronse moitas granxas e instalacións de Lalín, como sucedeu en toda Galicia. Estes expedientes, que foron moitos, non estaban ben ou completos, porque tiñan moitas instalacións. Había que contar que coa premura de tempo e coa competencia que houbo entre as empresas, o traballo non saíu ben. Por iso logo houbo que facer correccións de erros. En concreto un en Vilatuxe na propiedade da edil indicada, un galpón que se puxera noutra parcela tiña un erro, e nunha sesión posterior da Xunta de Goberno se corrixiu. Para elo, o técnico municipal de gandeiría fixo un informe a petición da Alcaldía no que constaba que houbo nove corrección de erros, entre eles, a da edil de Vilatuxe. Había tamén algúns expedientes nos que interviña un técnico que era profesional e edil do grupo socialista. O erro neste caso, volveu dicir, estaba en que o galpón se incluíu noutra parcela e isto houbo que corrixilo. Indicou que o Concello de Lalín sempre deu as máximas facilidades para legalizar todas as explotacións, e se non foi así, pediulle ao edil propoñente que lle dixera un só caso. Entendía tamén



Secretaría Xeral

que os edís non tiñan que ter máis vantaxes que os demais cidadáns afectados, pero tampouco menos ca eles.

Rematou afirmando que pediu un informe ao técnico desta materia e lle constaba que houbo nove correccións de erros.

Por alusións **D. J. A. Cristóbal Fernández Vázquez** indicou que ao abeiro da D.T. 11 se fixo o que se fixo, e hoxe o problema era que hai o que hai. Insistiu en que o galpón non era tal e non era alpendre. Non era, polo tanto, parte dunha explotación gandeira. Había outros dous iguais que o da edil. O problema non era da construción, senón o uso da mesma, que reiterou non era o de uso grandeiro ou agrícola. Isto víase na práctica diaria. E isto reprocháballe ao Concello que non controlase, nin víxíase, e que enriba legalizase algo que non podía legalizarse.

Rematou este debate o Sr. Alcalde, **D. Xosé Crespo Iglesias** insistiu en que o técnico fixo un informe e a Xunta de Goberno acordou. Reiterou que o concelleiro non debía ter máis vantaxes que os veciños, pero tampouco menos. Rematou afirmando que en vinte e cinco anos que levaba de Alcalde, tres expedientes e con multas coercitivas eran moi poucos.

Na moción pedíase:

A comparecencia da Alcaldía e do Concelleiro Delegado de Urbanismo para explicar como é posible que se amparase unha construción ilegal no contorno da praia fluvial de Vilatuxe, non legalizable e que nada tiña que ver coa actividade agropecuaria, mediante ese recoñecemento de explotación gandeira, e por enriba, oito anos máis tarde e co subterfuxio dunha corrección de erros; e por suposto tamén para despexar calquera dúbida sobre se o consumo de electricidade desa instalación a pagan os seus propietarios ou a pagamos todos os cidadáns de Lalín, pois, se estamos neste segundo caso, a concelleira non pode estar ni un minuto máis no cargo.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: seis (6), sendo catro (4) do PSDEG-PSOE, un (1) do BNG e un (1) do PGD

Votos en contra: trece (13) do PP.

Abstencións: ningunha.

Xa que logo, **rexeitouse a moción.**

6.2.- MOCIÓN DO PSdeG-PSOE EN RELACIÓN AO EDIFICIO DE MEDIO RURAL DE LALÍN.-

A Presidencia deu conta desta moción de data 19 de xaneiro de 2015 e rexistro de entrada do mesmo día co número 323. A continuación o Sr. *Secretario* deu lectura ao ditame desfavorable

da Comisión Informativa de Desenvolvemento e Actividade Económica do día 22 de xaneiro de 2015.

Polo grupo socialista **D. Manuel María González Aller** explicou o contido da moción. Explicou que o Concello de Lalín cedeu un terreo de 2600 m² á Xunta de Galicia. O Sr. Feiojjo dixo que estaba feito e nos orzamentos do ano 2010 consignaron 130.020 euros para o dito



Secretaría Xeral

centro. A realidade foi que nin ese ano nin no ano seguinte se gastou nada. Por iso o seu grupo presentou no ano 2012 unha moción para reclamar que a Xunta de Galicia cumprira os seus compromisos.

Ata hoxe non había nada, a pesar de que tanto o Sr. Presidente da Xunta de Galicia como o Sr. Alcalde dixeran no seu día que ía haber un novo edificio funcionando.

Tamén quería saber se o Sr. Alcalde fará o mesmo cando governe un novo goberno bipartito en Galicia; namentres isto sucede, volveu reclamar á Xunta de Galicia a súa construción e a posta en funcionamento do mesmo.

Polo PGD, **D. Camilo Conde López** tamén sinalou que votaría afirmativamente. Non obstante recoñeceu que este era un tema peliagudo e difícil de conseguir, xa que ata hoxe non había nada conseguido.

Polo grupo de goberno, **D. Xosé Crespo Iglesias** afirmou en primeiro lugar que estaba feito o proxecto e pagado. Dixo, referíndose á toda a oposición, que o edificio farase e cumpríranse os compromisos. Non habería outra ubicación do futuro edificio. O aluguer que recentemente fixo a Xunta de Galicia foi por dez anos, renovable aos catro anos.

Preguntou á oposición socialista: *¿Por que o grupo socialista non presentou alegacións contra o orzamento da Xunta de Galicia na fase correspondente, reclamando isto?.*

Finalmente indicou que pronto habería noticias do CAR.

De novo **D. Manuel María González Aller**, polo grupo socialista, reiterou o xa dito, preguntándose cal era a política da Xunta de Galicia. Resaltar isto era criticar, pero era reclamar o cumprimento dos compromisos contraídos. Agora que hai eleccións anunciaranse estes investimentos e retomarase o caso. A verdade era que todo estaba asinado dende hai tempo, e que desde entón non se fixo nada para poñer en marcha o edificio de medio rural.

Terminou este debate o Sr. Alcalde, **D. Xosé Crespo Iglesias**. Salió que con eleccións ou sen eleccións, cun goberno ou con outro, el sempre foi reivindicativo aquí e no mundo local. Aí estaba o viveiro de empresas e o Pazo de Liñares como logros conseguidos. En canto ás reivindicacións, remarcou que o seu grupo e el persoalmente coidaban que primeiro había que reivindicar o CAR; despois, o remate dos procesos de concentración parcelaria en marcha en Lalín; en terceiro lugar, reclamar o edificio de medio rural; remataría este conxunto de demandas co Centro de Día.

Na moción pedíase a adopción do seguinte acordo:



Esixir á Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia a que reconsidera a súa postura e se proceda á licitación inmediata do Edificio de Medio Rural de Lalín.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: seis (6), sendo catro (4) do PSDEG-PSOE, un (1) do BNG e un (1) do PGD

Votos en contra: trece (13) do PP.

Abstencións: ningunha.



Secretaría Xeral

Xa que logo, **rexeitouse a moción.**

7.- MOCIÓN DO PGD.-

7.1.- MOCIÓN DO PGD RELATIVA AO APOIO ÁS FAMILIAS EN SITUACIÓN DE PRECARIIDADE E CON RECURSOS ESCASOS.

A Presidencia deu conta desta moción, de data 19 de xaneiro de 2015 e rexistro de entrada do día 20 de xaneiro co número 374. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ditame desfavorable da Comisión Informativa de Desenvolvemento e Actividade Económica do día 22 de xaneiro de 2015.

Polo PGD, **D. Camilo Conde López**, explicou o contido da moción, que viña referida á petición de que a Corporación garanta cun compromiso de gasto a dotación orzamentaria para facer fronte aos gastos das familias e persoas de Lalín con necesidades e con falta de recursos económicos. Lembrou que na pasada sesión houbo unha moción similar a esta e logo reconverteuse en rogo.

Polo grupo socialista **D. Manuel María González Aller** dixo que estaba de acordo como xa o dixo na sesión plenaria anterior.

Tamén desde o BNG, **D. José Luís Sucasas Fernández** amosou o seu parecer favorable á proposta.

Polo grupo de goberno, **D. Xosé Crespo Iglesias** pediulle primeiro ao dito edil propoñente que nas mocións figurase un encabezamento, unha exposición de motivos, e finalmente unha parte dispositiva.

Sobre o fondo indicou que o Concello xa estaba a facer o traballo e atendendo ás necesidades das persoas necesitadas. Cando a unha persoa lle ían cortar a luz, viña ao Concello e se lle atendía. Non coñecía a ningunha persoa nesa situación. Recomendoulle que acudira aos servizos sociais para ver como funcionaba o servizo.

Rematou o debate **D. Camilo Conde López**, insistindo en que había persoas que non tiñan luz, outras que carecían de cartos para facer fronte aos alugueres, e ás veces non se sabía. Por elo había que buscar máis información para poder darlla. Insistiu en que había situacións de necesidade e por iso estaba a moción.

Na moción pedíase:

A aprobación dun acordo polo que esta institución porá os recursos económicos necesarios para que aquelas familias lalinenses que teñan a todos os seus membros en paro de longa duración ou en risco de exclusión social, sendo a súa situación económica de escasos recursos, poidan ter acceso á luz e ao gas durante este inverno, evitando que as distribuidoras realicen os cortes destes servizos.

Pedíase pois a este Pleno o seu voto favorable a esta proposta que garanta aos nosos veciños con máis dificultades, unha acción protectora propia dun estado de benestar como está a pasar por exemplo en Francia ou Alemania.

Así mesmo, solicitan que se propicie a máxima información para o seu coñecemento por parte dos interesados.



Finalmente, polo edil propoñente, retirouse a moción.

8.- EXPEDIENTE DE CESIÓN DO USO DE ESPAZOS NO CASTRO TECNOLÓXICO PARA A CREACIÓN DO CENTRO VIRTUAL DA CULTURAL CASTREXA. CONVENIO DE COLABORACIÓN COA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA. TRAMITACIÓN URGENTE.-

A Presidencia deu conta deste expediente e da proposta da Alcaldía de data 23 de xaneiro de 2015, reclamando a aprobación da urxencia do mesmo, pola falta de tempo que había para asinar o convenio co organismo provincial, e para investir os cartos, e finalmente para a xustificación dos mesmos nos vindeiros meses.

Polo grupo de goberno **D. Xosé Crespo Iglesias**, explicou que se trataba de ceder o uso de tres espazos á Deputación Provincial dentro do programa Depodeza. Había unha opción de instalar o Castro Virtual e aproveitaríase.

Os voceiros dos grupos PSdeG-PSOE, BNG e do PGD amosaron a súa posición favorable á proposta e a declaración da urxencia.


Sometida a votación ordinaria a urxencia do expediente, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de dezanove (19) concelleiros, sendo trece (13) do PP, catro (4) do PSdeG-PSOE, un (1) do BNG e un (1) do PGD, **o Pleno da Corporación acordou** ratificar a urxencia do expediente e da proposta da Alcaldía de data 23 de xaneiro de 2015, pola premura de tempo que había en tramitar o mesmo, acometer as obras e co fin de que o organismo provincial poida xustificar o emprego dos fondos recibidos no programa Depodeza.

Tras ratificar a urxencia someteuse a votación ordinaria a proposta da Alcaldía mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de dezanove (19) concelleiros, sendo trece (13) do PP, catro (4) do PSdeG-PSOE, un (1) do BNG e un (1) do PGD, **o Pleno da Corporación acordou APROBAR** a proposta e o expediente co seguinte acordo:

O Concello de Lalín é propietario de tres locais coñecidos como Módulo multiusos, Módulo OMIX e Módulo Radio, sitos na praza interior da Casa Consistorial de Lalín (Castro Tecnolóxico).

Nos locais descritos a Deputación de Pontevedra pretende implantar un Centro Virtual da Cultural Castrexa, tal e como consta na solicitude dirixida a este Concello con data de 26 de xuño de 2014.

Esta actuación insírese dentro do proxecto de desenvolvemento local e urbano denominado *DepoDeza: Dinamización Económica de la Comarca del Deza* que pretende a dinamización económica da comarca a través da posta en valor dos recursos endóxeos da



Secretaría Xeral

comarca mediante o desenvolvemento de actuacións que interveñan de forma conxunta sobre aspectos ambientais, sociais e económicos. Trátase de cohesionar o territorio da comarca a través do aproveitamento dos seus recursos endóxenos, promovendo o desenvolvemento socioeconómico equilibrado e sostible.

A través deste Centro Virtual da Cultura Castrexa búscase promover e difundir a cultura castrexa da comarca realizando unha exposición virtual dos castros, ofrecendo información sobre aspectos sociais, culturais, gastronómicos, económicos, artísticos, etc, da cultura castrexa, establecendo exposicións temporais en colaboración con outros centros, entregando material divulgativo, etc.

Co fin de regular a colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Lalín, é preciso asinar o correspondente convenio administrativo regulador dos dereitos e obrigas das partes, a través do cal o Concello de Lalín vailla ceder á Deputación de Pontevedra os dereitos de uso dos tres espazos mencionados.

O inicio do expediente foi ditaminado favorablemente na sesión da Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio celebrada o pasado día 1 de setembro de 2014. Así mesmo, na sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local na mesma data acordouse iniciar o expediente de cesión de uso da parcela e someter dito expediente a exposición pública durante o prazo de 15 días. O expediente foi exposto ao público dende o día 19/09/2014 e ata o 08/10/2014, ámbolos dous incluídos, segundo anuncio publicado no BOP nº 180 do 18/09/2014. Contra dito expediente non se presentou ningunha reclamación no prazo concedido a tal efecto.

Consta no expediente a seguinte documentación:

- Documento de solicitude de inicio do expediente remitido pola Excma. Deputación Provincial de Pontevedra (registro núm. 3803 de 26 de xuño de 2014).
- Modelo de Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Lalín para a cesión de uso de espazos no Castro Tecnolóxico (Lalín) para a creación do Centro virtual da cultura castrexa.
- Informe de valoración emitido polo arquitecto técnico municipal, de data 21 de agosto de 2014.
- Certificado de Secretaría, de data 25 de agosto de 2014, relativo á inscrición da parcela no Inventario de Bens Municipais.
- Informe de Intervención, de data 27 de agosto de 2014.
- Informe de Secretaría, de data 25 de agosto de 2014.
- Ditame favorable da Comisión Informativa Facenda e Patrimonio, da sesión celebrada o día 1 de setembro de 2014.
- Acordo da Xunta de Goberno Local da sesión celebrada o día 1 de setembro de 2014.
- Anuncio de exposición ao público (BOP nº 180 de 18/09/2014) e certificado da non presentación de reclamacións no prazo concedido a tal efecto de data 9 de outubro de 2014.

Xa que logo, o **Pleno da Corporación ACORDOU:**

Primeiro.- Ceder o uso e a utilización dos espazos ubicados na Casa Consistorial do



Secretaría Xeral

Concello de Lalín (Castro Tecnolóxico) denominados “Módulo OMIX”, “Módulo Radio” e “Módulo Multiusos”, á Deputación Provincial de Pontevedra para a creación do Centro virtual da Cultura castrexa.

Segundo.- Aprobar o Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Lalín para a cesión de uso de espazos no Castro Tecnolóxico (Lalín) para a creación do Centro virtual da cultura castrexa, que consta de seis cláusulas e dous anexos, e facultar ao Sr. Alcalde para a súa sinatura.

9.- ROGOS E PREGUNTAS.-

9.1.- ROGOS.

Presentados de xeito verbal durante a sesión.

PSdeG-PSOE.

D. Manuel M^a González Aller.

1.- ROGO.- Volve demandar que no SV V-5 desde a rotonda do Rodo ata a confluencia coa N-640 se coloque un sistema de iluminación pública suficiente, xa que estaba igual que cando o denunciou na última sesión plenaria, sen luz e co risco para todos os da zona, vehículos e peóns.

O Sr. Alcalde-Presidente quedou enterado.

2.- ROGO.- En relación coa estatua de Xoaquín Loriga, obra do escultor ASOREY reclama ó Concello que preste máis atención e coidado á mesma, xa que a antedita obra se atopa pintada, está moi sucia, coas luces das farolas que non acenden, e dando todo elo unha sensación de abandono e desidia dunha obra artística tan importante como é esta.


O Sr. Alcalde-Presidente indicou que había que arranxalo. Lembrou que hai anos pediron a Patrimonio, da Xunta de Galicia autorización para facer unhas obras. Veu un técnico do dito organismo dixo que non. Por elo só quedaba limpar a estatua, a pedra que estaba ennegrecida, e a parte de metal.

PGD.

D. Camilo Conde López.

1.- ROGO.- Pide que as fontes e estanques que se atopan nas inmediacións da Casa da Xuventude, na rúa Penatoares, se limpen e se adecenten. Dan unha sensación de abandono por parte do Concello.

Respondeu o Sr. Alcalde. ***D. Xosé Crespo Iglesias*** indicou que estaban en desuso tanto a



Secretaría Xeral
fonte coma o estanque, e que restauralas custaría máis que poñer unhas novas.

9.2.- PREGUNTAS.

PsdeG-PSOE.

D. Manuel M^a González Aller.

PREGUNTA.- Quere saber como está o tema do valado tras o Ambulatorio que pediu en múltiples ocasións neste mesmo órgano plenario ao grupo de goberno. Indica que a situación de risco e perigo existe, e quere saber como está este tema, o que se fixo e o que se vai facer.

O Sr. Alcalde-Presidente indicou que respondería por escrito.

E non habendo outros asuntos que trataren, no mesmo lugar e mesmo día onde comezou a sesión, de orde do Sr. Presidente levantouse a sesión, sendo as trece horas.

